



Concello de Lugo

a
Refª: ispac6062667095416744284.doc
Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

ACTA Nº6 DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO DE XEFE DE GRUPO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Expte nº 2025/G004/000506

Sendo as 13:00 horas do día 15 de xuño de 2026, reúnense no despacho de Secretaría Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, Actas e Goberno, os membros designados/as por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/09/2025 (acordo á súa vez modificado en Xunta de Goberno Local en sesión de data 01/10/2025) para formar parte da Comisión de Valoración dos méritos e memoria presentados polos concursantes con referencia á data de peche de presentación de instancias (07/11/2025) para a constitución de dita comisión e valoración de méritos.

Preside o acto a presidenta titular dona Patricia Berta Vázquez Mille, xefa do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Actúan como vogais titulares dona María Concepción Castro-Gil Iglesias xefa de Servizo de Fiscalización Previa, dona Natalia Framil Rego, xefa do Servizo de Xestión Económico-Financeira do Concello de Lugo; e don Carlos Bargeiras Vázquez, xefe de negociado (delineante) da adxuntía de Proxectos do Concello de Lugo. Actúa como secretaria titular dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

En primeiro lugar procédese a comprobar o quórum de asistencia pola presidenta da Comisión de Avaliación declarándose constituída a Comisión de Avaliación por estar todos os seus membros titulares.

I. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADAS OS DIAS 5 E 7 DE XUÑO DE 2026, CATRO, DÚAS POR DONA MARÍA ELENA RODRÍGUEZ GARCÍA E DÚAS POR DONA PURIFICACIÓN LEONIDES ÁLVAREZ LÓPEZ.

Segundo o acordado na sesión de 2 de xuño de 2026, esta comisión, con data 5 de xuño da acceso ao expediente completo, sen límite de tempo, a:

- Dona María Elena Rodríguez García.
- Dona Purificación Leonides Álvarez López.
- Dona Rosa María Carballal Rifón.



Concello de Lugo

a
Refª: ispac6062667095416744284.doc
Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

- Dona Sandra Barcia González.

O resultado de dito acceso consignouse en acta levantada ao efecto.

Con data 5 de xuño, Dona María Elena Rodríguez García, suscribe escrito no que insta á corrección da acta asinada con esa mesma data, erroneamente designada co número 4 e xa correxida mediante dilixencia publicada xunto coas demais actas desta comisión, para sinalala co número 5. Este erro se corrixe logo de ser manifestado pola alegante no seu escrito e apreciado como erro material e transcripción deducido incluso da publicación da mesma. En dito escrito tamén pretende Dona María Elena Rodríguez García, se emende dita acta no sentido de indicar que non examinou a memoria de Dona Noelia Cancelas Domínguez. Dita pretensión non pode ser atendida tendo en conta que o acceso se deu á totalidade do expediente que se puxo a disposición da interesada tendo en conta que ela mesma solicitou acceso a todo incluíndo expresamente as memorias dos/as aspirantes (escritos de datas 17/04/2026, “todas y cada una de las memorias presentadas por todas las personas aspirantes” e de data 24 de maio de 2026 “se facilite copia íntegra de las memorias y de toda la documentación”). O expediente completo se puxo de manifesto dous días despois do inicio do prazo de interposición de recurso de alzada (1 mes) e a interesada accedeu a el na súa integridade.

A maior abundamento a redacción das actas é competencia da secretaria da comisión e foi asinada por esta e polos restantes membros da mesma presentes no acto de vista do expediente, sen que poida pretendese a redacción da acta a instancias da interesada. Solicitou ver a Memoria de todos e todas as aspirantes e se puxeron á súa disposición. Non procede acceder á petición formulada.

O día 7 de xuño, suscribe outro escrito no que solicita se lle expidan certificacións do estado de tramitación do expediente e da circunstancia da denegación de copias das Memorias dos aspirantes.

O estado de tramitación do expediente resulta da acta número 4 na que se acordou aprobar o cadro-resumo de baremación definitiva de méritos dos funcionarios/as do Concello de Lugo, e a proposta de adxudicación de destinos segundo a baremación definitiva de méritos realizada sendo elevada a definitiva e quedando remitida á autoridade convocante para que continúe a súa tramitación e a súa publicación na sede electrónica e páxina web do Concello de Lugo. Tamén se abriu o prazo para a presentación de recurso de alzada. Non procede certificación do documento público e publicado.

Esta comisión considera que o proceso de selección continúa nos termos indicados pois aínda que a alegante chegou a solicitar en escrito denominado recurso de alzada, pero proposto para a súa desestimación por extemporáneo, en ningún modo pode “frear” a adxudicación



Concello de Lugo

a
Refª: ispac6062667095416744284.doc
Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

definitiva dos postos a prover dado que conforme ao artigo 117 da Lei 39/2015, a interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado agás que o acordara o órgano competente por algunha das circunstancias previstas no mesmo artigo dado que nin se produce prexuízo de imposible ou difícil reparación (a alegante non é a segunda aspirante na baremación definitiva no posto de xefa de grupo de administración local) nin concorre causa de nulidade.

Na acta nº 5 se sinala que ante a solicitude de copias das memorias por parte da alegante, a comisión considerou non facilitalas polos motivos ali expostos. Non procede a certificación do documento público e publicado.

En relación á cuestión de facilitar copias de exames como documentos integrantes do expediente, a secretaria recorda á comisión que recente xurisprudencia argumenta de xeito positivo a súa expedición ao que se resposta que neste caso, ningunha indefensión pode alegar Dona María Elena Rodríguez García por ter acceso completo ao expediente, durante o tempo que precisou, coa lectura e a toma de notas da memoria da aspirante proposta para o posto de xefatura de grupo de administración local e das demais que tivo por convinte. Considera a comisión que non facilitar copias non provoca indefensión e polo tanto ésta non pode ser alegada neste caso pois a interesada non está en posición de acadar o posto convocado ao ser a terceira en puntuación. Ademais a indefensión non é un vicio do acto de valoración e proposta de aspirantes que superaron o proceso na medida en que a interesada está a alegar e pode alegar o que considere e puido ver e tomar notas da Memoria da aspirante que superou o proceso durante 20 minutos e recibiu explicacións sobre as memorias, incluída a súa propia segundo consta en acta. O tempo total de acceso ao expediente foi dunha hora.

Dona Purificación Leonides Álvarez López, con data 7 de xuño presenta un primeiro escrito no que reclama a corrección da acta número 5 (apreciando tamén o erro, xa solventado, da publicación como acta número 4) por facer referencia na acta que “criticou” a Memoria redactada pola aspirante proposta para a provisión do posto de xefe de grupo de administración local. Criticar supón valorar e iso foi o que fixo a aspirante en relación a dita memoria amosando, como ela mesma indica, o seu desacordo coa valoración (máxima puntuación 6) que outorgou a comisión de valoración. Non pode a alegante pretender substituír á comisión, nin na redacción das actas nin na valoración das Memorias. Tampouco lle foi facilitada copia da Memoria mellor calificada polos mesmos argumentos que a Dona María Elena Rodríguez García. Considera a comisión que non facilitar copias non provoca indefensión na medida en que a interesada está a alegar e pode alegar o que considere e puido ver e ler a Memoria da aspirante que superou o proceso, das demais que lle interesaron e recibiu explicacións sobre as memorias, segundo consta en acta.

Con idéntico escrito que a alegante Dona María Elena Rodríguez García, Dona Purificación Leonides Álvarez López, solicita certificacións de datos que figuran nas actas públicas e publicadas desta comisión. Non procede a súa expedición.



II. ACORDOS DA COMISION DE AVALIACION.

A Comisión de Avaliación do Concurso, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO.- Desestimar os catro escritos presentados, dous por Dona María Elena Rodríguez García e outros dous por Dona Purificación Leonides Álvarez López, polos argumentos indicados no apartado I.

SEGUNDO.- Lembrar ao órgano convocante que a proposta definitiva xa foi elevada por esta comisión para a súa tramitación en acta nº 4 de 2 de xuño de 2026 sen que se teña constancia de que se continuara coa tramitación do expediente.

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Avaliación enriba citados, dando por finalizado o acto ás 13:15 horas de todo o que como secretaria da Comisión dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE